

Proxecto E-Dixgal



CEIP DO BOLO

Código 32015098

Este proxecto foi elaborado ao abeiro do establecido na *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)*; no *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, e na *Resolución do 7 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a selección de centros para participar no Proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) durante o curso 2018/19* e aprobado polo Claustro de Mestres e polo Consello Escolar na sesión con carácter extraordinario do día 11 de xuño de 2018.

ÍNDICE

1. Introducción descriptiva do contexto do centro.
2. Xustificación da solicitude.
3. Tecnoloxía e velocidade da conexión a rede Internet do centro.
4. Compromiso de que a aula que se vai empregar no programa é unha aula dixitalizada.
5. Experiencia educativa coas TIC no centro.
6. Obxctivos.
7. Modelo organizativo e metodolóxico previsto para o desenvolvemento do proxecto e para garantir a súa continuidade.
8. Designación da persoa coordinadora.
9. Procedemento de avaliación interna do desenvolvemento do proxecto, especificando os indicadores de logro vinculados aos obxectivos propostos.

1. Introducción descriptiva do contexto do centro.

Un dos aspectos que máis incide no estilo do centro e as metas que desde o mesmo se pretenden abarcar é o contexto próximo no que esté enmarcado. O contexto xeográfico e o contexto socio-económico e cultural do alumnado e as súas familias, constitúen poderosas variables a ter en conta, pois determinan, en grande medida, todo o que o centro é e fai. O tipo de familias e o alumnado ó que atende, as problemáticas coas que se atopa, as oportunidades que se lle ofrecen, ou a perspectiva futura de seguir contando con alumnado, son entre outros, aspectos claramente condicionados polo contexto de referencia. Fronte a esas condicións que lle veñen dadas, o centro dispón así mesmo dunha serie de medios e recursos, tanto humanos como materiais que tamén van a condicionar a súa labor educativa.

Xeograficamente o centro está situado nunha zona do rural da provincia de Ourense, concretamente na aldea de O Bolo, que é cabeceira do Concello, situado na parte oriental da provincia, concretamente na comarca de Valdeorras, nunha zona de montaña con núcleos de poboación dispersos entre sí e pouco poboados.

É un centro dunha liña e neste curso académico conta cunha matrícula de 24 alumnos, 9 deles agrupados nunha unidade de Educación Infantil e 15 agrupados en dúas unidades de Educación Primaria, unha agrupando a alumnos de 1º, 2º e 3º nivel, e outra agrupando a alumnos de 4º, 5º e 6º nivel. O centro oferta os recursos educativos complementarios de transporte escolar e comedor escolar. De cara ao vindeiro ano académico implantarase no centro a xornada lectiva en sesión única de mañá, sendo o horario de entrada as 09:30 horas e a hora de saída as 14:30 horas para o alumnado non usuario do servizo educativos complementarios ofertados polo centro e as 15:15 horas para o alumnado usuario dos mesmos.

A poboación que atende o centro é de extracción social media e media-baixa cunha alta porcentaxe de paro. En canto ao asociacionismo e á participación da maioría das familias nas actividades do centro, a gran maioría de pais e nais seguen de preto a evolución na educación dos seus fillos, implicándose activamente na vida do Centro. Unha porcentaxe moi elevada dos alumnos reciben un estímulo positivo cara á actividade escolar no ambiente familiar. Teñen boa disposición cara á escola e participan activamente nas actividades que se organizan. No que ao nivel cultural se refire, é moi variado, de modo que distintas identidades e niveis de cultura conviven

nunha mesma comunidade de aprendizaxe, aínda que na maioría dos caso o nivel cultural é baixo.

O centro conta cunha plantilla de 4 mestres que apoian a presentación deste proxecto, o cal ten como obxectivo adaprar o ensino á realidade da sociedade actual mediante a transformación dixital educativa, asumindo o compromiso de levalo a cabo por parte da titoría que agrupa os niveis de 4º, 5º e 6º nivel de Educación Primaria., investindo así nunha educación de calidade e futuro nunha zona rural de montaña con necesidades de compensación, entendendo que este factor non debe implicar impedimento na formación dos estudantes que acusan a falta das novas tecnoloxías e de referentes dixitais ao seu arredor.

Partindo das propias sinais de identidade pretendemos: proporcionar unha educación baseada en valores de integridade, esforzo e disciplina, con unha metodoloxía formativa, activa e innovadora, que incorpora as tecnoloxías da información e comunicación; levar a cabo o Proxecto E-Dixgal como unha parte máis dentro das TIC do centro; maximizar o potencial do alumnado, para que sexan construtores do seu propio futuro na nosa moderna sociedade tecnolóxica; ser líderes no sector educativo a través dun ensino asistido por todos os recursos tecnolóxicos dispoñibles para os distintos niveis, materias, necesidades,etc; favorecer o desenvolvemento por parte do alumnado dunha boa competencia dixital ao empregar as TIC de xeito habitual no procesos de ensino-aprendizaxe; rentabilizar o traballo dos mestres na aula, xa que o ter a tecnoloxía "in situ", favorece a súa utilización, e integrar o Proxecto no día a día do centro.

Nos últimos anos o centro vén apostando forte pola integración das TIC, o que fai que pensemos que as liñas de actuación e estratexias a levar a cabo durante os próximos anos conseguirán que a devandita integración de E-Dixgal sexa máis doada debido ao compromiso do centro en adecuar os modelos pedagóxicos a estas novas tendencias.

2. Xustificación da solicitude.

O proxecto que presentamos nace coa intención de seguir cambiando o concepto de centro educativo tradicional polo de centro educativo dixital, adaptándonos aos cambios que se producen na sociedade dentro da escola. A LOMCE e o Decreto 105/2014 contemplan que as novas tecnoloxías consisten en desenvolver habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e para transformala en coñecemento, sexa cal sexa a fonte á que se acuda e o seu soporte, o que require o dominio de linguaxes

específicas básicas. Non se trata só de dispor da información, senón de ser quen de transformala en coñecemento, para o que hai que razoala, organizala, analizala, sintetizala....

Hai que aprender a utilizar as TICs na súa dobre función de transmisoras de información e coñecemento tamén supón solventar os problemas habituais de software e de hardware que aparecen. Polo tanto, a súa utilización non só queda totalmente enmarcada e xustificada na lexislación actual para Educación Primaria, senón que resulta necesaria xa que se trata dunha competencia a desenvolver polos alumnos.

Por outra banda a presenza de dispositivos informáticos nos fogares do alumnado do centro é moi inferior ao que poderíamos considerar normal, polo que o contacto do alumnado coas TIC redúcese ao seu uso no centro, de ahí a importancia de dotar ao centro dos equipamentos e ferramentas necesarias para suplir esta carencia, propiciando novas formas de coñecemento e novos métodos para acceder a eles, así como achegar a educación á comunidade educativa involucrando as familias na educación dos seus fillos.

Involucrar ao alumnado no entorno sociocultural no que nos movemos carecendo das ferramentas axeitadas para facelo é practicamente imposible. As posibilidades que ofrece a tecnoloxía contribúen favorablemente no desenvolvemento por parte do alumnado de diferentes habilidades de pensamento que os prepararán para ser competentes na sociedade que os recibirá no futuro.

O uso de materiais dixitais supón introducir novas estratexias e recursos e pode influír, e mesmo determinar, algúns aspectos característicos do traballo na aula, como a metodoloxía, o tipo de agrupamentos, e a xestión dos recursos, dos espazos físicos e do tempo. Por iso, o aproveitamento didáctico das TIC pode contribuír á busca de modelos de ensino máis novidosos e enriquecedores como pode ser a posibilidade de utilizar os libros dixitais na práctica diaria, aspecto co que o profesorado do centro se sente comprometido, con adecuar os modelos pedagóxicos ás novas tendencias sociais, apostando por unha educación de calidade, de integración plena e de acceso universal ás ferramentas da sociedade da información no eido educativo.

3. Tecnoloxía e velocidade da conexión a rede Internet do centro.

Todas as aulas do centro contan con conexión a Internet por cable. Na actualidade o centro conta con conexión a Internet por WIFI, xa que entrou a formar parte do “Programa Escuelas Conectadas”, que dotou ao centro cunha conexión 4G de red.es cunha velocidade de baixada de 150 Mbps e velocidade de subia 50 Mbps.

4. Compromiso de que a aula que se vai empregar no programa é unha aula dixitalizada.

A aula que se vai empregar no programa é unha aula dixitalizada xa que conta cos elementos de aula dixital: EDI, proxector e equipo no posto do mestre e conexión á rede de datos do centro.

5. Experiencia educativa coas TIC no centro.

Nos últimos anos deuse unha lenta pero progresiva incorporación destas ferramentas á práctica cotiá no centro. Podemos destacar as seguintes actuacións: toda a xestión académica realízase na aplicación XADE ubicada na web da consellería; a Biblioteca Escolar é xestionada co programa Meiga, tanto no referente a catalogación como o sistema de empréstito; instalación, nos últimos anos, de Kits Abalar en diferentes aulas do centro; comunicacións internas entre o equipo directivo, o claustro e as familias a través de AbalarMóbil e por correo electrónico; actualización da páxina web centro; incorporación de ferramentas TIC as sesións de aual (principalmente ordenadores, tabletas, proxectores, PDI, cámara dixital e programas de software libre, etc); publicacións de texto e/ou vídeo en Issuu, Calameo, Scribd, Google Drive, Vimeo e youtube.

6. Obxectivos.

O obxectivo xeral do programa é fomentar o uso dos materiais dixitais utilizando o proxecto E-Dixgal.

Obxectivos específicos:

a) Introducir e desenvolver as TICs como contido de aprendizaxe: coñecer e aprender a usar os materiais dixitais do proxecto por parte do profesorado e alumnado (curto prazo); integrar linguaxes multimediais ás dinámicas escolares (curto e medio prazo); preparar ao alumnado para o futuro a través do uso educativo dos medios de información e comunicación (curto prazo).

b) Utilizar as TIC como recurso e instrumento para aprender os contidos das áreas do currículo, integrando os materiais dixitais nas actividades da aula: Integrar materiais dixitais nas distintas

actividades das programacións da aula, como un recurso máis que pode ser utilizado no desenvolvemento das mesmas (curto prazo); utilizar materiais dixitais do proxecto como medio que favorece os procesos de integración e comunicación dos alumnos e como medio de desenvolvemento da súa creatividade (curto prazo).

Obxectivos co alumnado:

Formar ao alumnado no uso responsable das TICs como fonte de información, de coñecemento e de autoaprendizaxe; coidar e facer un uso correcto do material; usar programas e contornos que faciliten a aprendizaxe e adquisición de habilidades, destrezas e coñecemento, aumentando a motivación do alumnado; usar as TIC como medio de creación, integración e potenciación de valores sociais e expresión de ideas con liberdade de expresión, tolerancia e respecto; potenciar o traballo en grupo; iniciarse no coñecemento e manexo dos novos recursos tecnolóxicos; usar Internet, ferramentas web, foros de discusión e descarga e descompresión de arquivos, redes sociais, etc, e desenvolver actitudes de traballo compartido en colaboración.

Obxectivos co profesorado:

Usar o libro dixital na programacións de aula e na preparación das clases; desenvolver accións para familiarizar ao alumnado co uso do EVA e materiais dixitais; coñecer e utilizar as ferramentas do libro dixital; cambiar a metodoloxía do proceso de ensino-aprendizaxe por una metodoloxía máis activa e motivadora para o alumno; usar as TIC como medio facilitador para incorporar novas prácticas docentes máis conformes co alumnado e sociedade actuais e como medio para elaborar materiais de traballo para o alumnado; mellorar a atención á diversidade; manexar e utilizar o libro dixital nas diversas materias de ensino-aprendizaxe tanto na búsqueda de información coma no seu tratamento posterior para a realización de traballos por parte do alumnado e preparación de material didáctico por parte do profesorado; actualizar e adquirir por parte do profesorado coñecementos teóricos e prácticos en relación coas TIC, e introducir as TICs no ensino de forma xeneralizada e innovadora; coñecer os riscos e posibilidades educativas das TIC na súa utilización pedagóxica.

Obxectivos cos pais e nais:

Potenciar a comunicación coa Comunidade Educativa; promover o acceso a equipamento de forma gratuíta; proporcionar información actualizada do PEC, oferta educativa, actividades, etc.

Obxectivos globais do centro:

Usar as TIC e o libro dixital como ferramenta didáctica na labor docente, incluíndoa dentro das nosas estratexias no proceso ensino/aprendizaxe; desenvolver protocolos de utilización dos equipos e o EVA; sistematizar o uso dos recursos informáticos como apoio, reforzo e, en certos

casos, desenvolvemento das actividades básicas do currículo; determinar a responsabilidade e obrigas do coordinador do proxecto, apoios, equipo directivo, etc; desenvolver no alumnado o uso crítico das TIC; colaborar coa comunidade educativa no coñecemento das TIC e o seu uso educativo; recoñecer o libro dixital como un elemento cotián do noso ámbito; fomentar o cambio na metodoloxía no traballo da aula; seleccionar os recursos educativos dixitais e contidos que xa existen para traballar na aula; potenciar a comunicación coa comunidade educativa, e potenciar actividades de participación de toda a comunidade educativa.

7. Modelo organizativo e metodolóxico previsto para o desenvolvemento do proxecto e para garantir a súa continuidade.

As TIC son medios e recursos que requiren dunha aprendizaxe previa de manexo para utilizalos como ferramentas e instrumentos ao servizo das programacións didácticas, da metodoloxía e didáctica escolar. O acceso do alumnado aos recursos TIC debe ser sinxelo, deben poder manexalos utilizándos para a función específica para a que se inventaron pero tamén investigando outras posibilidades. É unha forma de traballar diferente, innovadora e motivadora para o alumnado baseada no traballo colaborativo.

****Recursos humanos:***

A totalidade do profesorado mostra interese por poder formar parte do proxecto E-Dixgal, comprometéndose a poñelo en marcha, desarrollalo e levalo a práctica asegurando a súa permanencia no tempo, establecendo reunións con certa periodicidade para avaliar o proceso.

A persoa coordinadora comprométese ademais a distribuír e organizar o traballo, na medida das súas posibilidades, e cando @s titor@s así o requiran contarán coa súa presenza na aula, para axudar e solucionar as dúbidas que puidesen xurdir.

As familias mostran un alto grado de interese e unha actitude moi favorable, xa que a posible admisión do centro dentro do proxecto E-Dixgal, posibilitaríalles un maior acercamento dos seus fill@s ás novas tecnoloxías, e á educación e seguimento escolar dos seus fil@s, o que repercute favorablemente na calidade de ensinanza e na participación da comunidade educativa en todo o proceso, o que nos leva cara a un verdadeiro sistema de integración de todos os elementos que interveñen no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.

En canto ao alumnado preveranse as tarefas que realizarán e o seu nivel de autonomía: libre, semidirixido e dirixido.

Teranse en conta as interaccións de cada estudante co programa, cos compañeiros, co profesor, cos materiais, etc, así como tamén os agrupamentos.

****Recursos espaciais e materiais***

O centro conta con dúas aulas nas que sería posible levar a cabo este proxecto xa que cumpren os requisitos establecidos na lexislación vixente.

***Metodoloxía**

A metodoloxía utilizada será activa e participativa, baseada nunha serie de principios facilmente apreciábeis durante o desenvolvemento da mesma: principio de actividade do alumno; principio de descubrimento; principio de flexibilización; principio de individualización; principio de socialización; principio de motivación, e principio significativo. Estes principios determinan as pautas de actuación que rexeran a nosa intervención educativa, sempre axeitada e axustada ás necesidades do alumno/a.

Pretendemos: Espertar o interese do alumno co uso do EVA; estimular a súa curiosidade e o seu interese na resolución de conflitos; utilización de métodos activos baseados na experiencia e investigación do propio alumno; tratamento interdisciplinar dos temas; fomentar o traballo en equipo; utilizar unha variada gama de recursos que aporten información e facilitar o manexo dos ordenadores e a realización das actividades, e adaptacións dos temas ás necesidades especiais de certos grupos de alumnos.

***Atención a diversidade**

As TIC proporcionan múltiples funcionalidades ás persoas que requiren unha atención especial, ao facilitar a comunicación, o acceso á información, o desenvolvemento cognitivo, a adaptación das aprendizaxes a distintos ritmos, a adaptación e a autonomía no contorno, o ocio, o traballo, etc.

8. Designación da persoa coordinadora.

A persoa coordinadora do proxecto será Don Emilio Manuel González López, mestre con carácter definitivo no centro, titor da aula mixta que agrupa ao alumnado de 4º, 5º e 6º nivel de Educación Primaria, con experiencia como coordinador do Equipo das TIC do centro e con ampla formación no campo das TIC (Anexo I: Méritos docentes da persoa proposta para a coordinación do proxecto).

9. Procedemento de avaliación interna no desenvolvemento do proxecto.

Realizarase unha avaliación periódica, formativa, continua, sumativa e sistemática a diferentes niveis, con implicación de diferentes axentes, dirixida aos diversos sectores que conforman a comunidade educativa e coa utilización de metodoloxía específica.

Perioidade:

- Anual: A avaliación do desenvolvemento do proxecto e do nivel de consecución dos obxectivos previstos realizarase paralelamente á Memoria Anual.

- Trimestral: valorarase o grao de progreso curricular do alumnado e a consecución dos obxectivos especificados na correspondente programación de nivel; a medida na que a utilización das TIC facilita e propicia unha nova metodoloxía para o acceso a novas formas de coñecemento acorde coa sociedade actual e de cara a mellora da calidade educativa, e o nivel de coordinación e sintonía entre o profesorado comprometido neste proxecto e que imparte docencia nestes grupos co fin de conseguir un alto nivel de cohesión e unificación de criterios.

- Mensual: Na reunión do Equipo TIC, farase un seguimento do Proxecto E-Dixgal.

Sectores implicados e procedementos de avaliación:

- Alumnado:

Ao inicio do programa:

a) Avaliación inicial para analizar o nivel de competencia do alumnado no uso do materiais dixitais.

b) Recoller información sobre os intereses e inquedanzas d@s alumn@s: Análise das estadísticas de cada avaliación para verificar a coherencia cos obxectivos mínimos esixibles nas programacións de nivel facendo especial fincapé na evolución do coñecemento, a adecuación das actividades virtuais realizadas, os seus agrupamentos, o uso que fan dos ordenadores, etc; observación directa e sistemática por parte do profesorado; grao de satisfacción por parte do alumnado coa nova metodoloxía; "Buzon de queixas/suxerencias" para abrir cada mestre e comentar en assemblea de clase facendo constar en acta por secretari@ nomead@ para tal efecto; grao de satisfacción polo emprego dos materiais dixitais e comprobar a relación existente cos resultados académicos obtidos; avaliación inicial en varias sesións de uso de materiais dixitais para valorar o punto de partida de control e coñecementos das novas ferramentas e detectar as necesidades formativas do profesorado; valoración do progreso na consecución dos obxectivos, a adecuación das actividades, e análise dos problemas que xurdiron na utilización do programas, do EDI, etc.

- Profesorado: Analizar obxectivos, contidos e actividades de cada unha das ferramentas TIC empregadas, comprobando o grao de consecución, adecuación e integración nas concrecións curriculares; deseñar follas de rexistro nas que plasma os diversos aspectos organizativos do proxecto co fin de rexistrar deficiencias e propostas de mellora, e os materiais multimedia creados, estado, necesidade de renovación e/ou ampliación; valorar o grao de implicación e satisfacción do profesorado no uso das TIC, e adaptar o proxecto aos datos obtidos.

- Familias: Realización en setembro dunha 1ª reunión da dirección do centro, titor@s e coordinador/a do Equipo TIC coas familias do alumnado para informar do Proxecto E-DIXGAL e rexistrar dúbidas, inquedanzas, etc; envío ás familias dunha enquisa aberta na que poidan plasmar as súas expectativas, inquedanzas...con respecto ao cambio que vai supoñer a introdución das novas ferramentas na actividade diaria da aula; manter en horario de 15:15 a 16:15 horas todos os mércores entrevistas coas familias, previa cita co fin de intercambiar información, aclarar dúbidas, detectar necesidades, etc; comprobar o grao de achegamento, participación e implicación no proxecto recabando información entre o alumnado, e valorar o grao de satisfacción das familias mediante unha enquisa cuberta a fin de curso e con sondeos á ANPA.
- Órganos colexiados: farán valoración conxunta semestralmente do grao en que, segundo as súas competencias, facilitan e colaboran activamente no desenvolvemento do Proxecto E-Dixgal nos seguintes aspectos: propostas específicas sobre este proxecto para incorporar ao PEC; propostas para o NOFC con especial fincapé nas normas elaboradas para este proxecto; análise do funcionamento do proxecto, evolución do rendemento escolar do alumnado; inversións do orzamento do centro; aportacións á PXA e á Memoria de fin de curso, e iniciativas de investigación pedagóxica, formación do profesorado.... con respecto ás novas tecnoloxías.
- Asesores AMTEGA: Valorar a súa intervención mediante un rexistro acumulativo no que se plasmen datos como os seguintes: día no que se solicitou a súa intervención, canle utilizada, motivo da mesma, resposta recibida, visitas ao centro, seguimento do proxecto, grao de satisfacción da axuda recibida, etc.
- Asesores consellería: Valorar o seu papel segundo a resposta ao cumprimento das peticións e/ou expectativas, utilizando un sinxelo cuestionario no que se reflectan: solícitudes, as súas aportacións e o grao de satisfacción, e valorar a oferta dos recursos materiais e a demanda do centro.
- Inspección Educativa: Avaliar o grao de implicación do Servizo de Inspección Educativa en canto a facilitación e asesoramento nos aspectos relacionados co Proxecto E- Dixgal dentro das súas competencias, concesión de novos recursos, etc.

O Bolo, 11 de xuño de 2018

O Director

Asdo: Emilio Manuel González López